



a CURUXa

revista do colexio d. bosco (salesianas-vigo)

xuño 2008 n.º 5





A CURUXA

revista do colexio el. bosco (salesianas-vigo)

Rúa Estrada, 5 - 36209 VIGO - Teléf.: 986 231 149

xuño 2008 n.º 5

sumario



saúdo da dirección	3
os nosos eventos	4
alúas persoas moí especiais	6
cerónica	7
ascoladeiros	9
de viaxe	11
ceзма	12
marida auxiliadora	13
in civitate morracense	14
as nosas deportistas	15
alúas importantes	16
anuario	17
o páraiso literario	20
os nosos narradores	23
espremeo os miolos	27
á lus do candelil	28
álbum de familia	29

EDITA:

Colexio Don Bosco

COORDINA:

Grupo de traballo de "A Curuxa"
Héitor, Pilar, Cris Magro, Lochi,
Montse e Botana

AGRADECEMENTOS:

Entidades Colaboradoras
ANPA

E a todos os nenos e nenas
do noso colexio

DESEÑO, MAQUETACIÓN

E IMPRESIÓN:

Imprenta RIBALDE



Salesianas de Coia

Rúa Estrada, 5 • 36209 VIGO
Teléfono 986 231 149
Fax 986 211 301



Saúdo da Dirección

Queridos amigos e amigas:

Ao longo deste curso, que pronto rematará, estivemos traballando o lema deste ano: "A NOSA VOCACIÓN: SER UN AGASALLO". Nesta, a nosa sociedade, onde se lle dá tanta importancia ás cousas, nós, como escola salesiana, queremos poñer en maiúsculas a persoa.

Unha persoa que se dá aos demais, e que nese darse aos demais se constrúe a si mesma. Cando máis comparte máis crece, porque establece relacións de simbiose, nas cales todas gañan e ningún perde. Onde todos e todas podemos aprender os uns dos outros, os mestres dos alumnos, os pais e nais dos fillos, os maiores dos pequenos e viceversa.

Porque para ser un bo agasallo, deses que non se esquecen facilmente, hai que, non só poñer un bo envoltorio, senón que o importante será o contido, aquilo que se atopa no máis fondo do ser humano, e que educar consiste en sacalo cara a fóra.

É por iso que estivemos a traballar para que ese agasallo que somos para a nosa familia, a nosa escola, a nosa sociedade... cada un de nós, sexa un regalo froito do esforzo compartido e signo do amor de Deus a todos e todas.

*Un saúdo moi afectuoso
e felices vacacións.*

A Dirección.





Por Guillermo Romero Giráldez.
Presidente da Asociación Deportiva Don Bosco.

II Torneo Fútbol sala Don Bosco

O sábado día 16 de xuño, a xunta directiva da Asociación Deportiva Don Bosco, (tamén xunta de ANPA) como estaba previsto organizou o **II Torneo Fútbol sala Don Bosco, fin de tempada 2006/07.**

Logo de rematada a Liga escolar e os partidos de Copa, este Torneo dá por finalizada a tempada de fútbol sala 2006/2007, na que participamos cun equipo na categoría de Benxamíns e dous na de pre benxamíns.

Ademais dos tres equipos da nosa Asociación Deportiva D. Bosco (Salesianas), participaron dous clubs invitados: Colexio Hogar (Salesianos) e M^a Auxiliadora (Salesianos), tamén con tres equipos cada un e das mesmas categorías.

O Torneo desenvolveuse segundo o programa previsto:

Pola mañá a partir das 10:00 horas e ata as 13:30 horas xogouse unha liga de partiñños seguidos, cada un de 30 minutos de duración. Como temos dous campos xogáronse un total de nove partidos simultáneos. Unha vez



terminados todos os encontros cada club participante foi obsequiado cun trofeo conmemorativo e cada neno participante, cun trofeo de recordo gravado coa data e o evento. Financiados coa doazón económica da empresa colaboradora, GESTINOR. SL.

Pola tarde, a partir das 16:30 horas, todos os nenos, nais, pais e adestradores da nosa Asociación deportiva **Don Bosco** acompañados pola directora do Centro Sor Rosa Ripaldo e de Sor Dolores Botana, continuamos a xornada cunha fermosa e emotiva Oración de Grazas, que nos deixou preparada Sor Paloma Redondo e animada coas guitarras da nosa harmónica rondalla ADDB (Amigos Divertidos de D. Bosco).

Seguidamente; outra rolda de partidos, pero estes, foron especiais; neno/as contra nais e como novidade este ano, adestradores contra pais.



a CURUXA



En todo momento reinou o xogo limpo, a deportividade e a amizade. O encontro de pais contra adestradores foi o que clausurou a xornada deportiva e nel, víronse xogadas de alta calidade, tanto por parte do equipo dos pais como polo dos adestradores.

Despois do esgotador e feliz día, para recuperar forzas, os alí presentes fomos gratificados polas nais cunha rica merendola, cuns saborosos callos incluídos, preparados por Lola, a nai de Alberto e Alba.

Durante toda a mañá e a tarde repartíronse botellas de auga para todos os deportistas, doadas por AGUA SANA e refrescos doados por COCA COLA.

Como recompensa pola participación durante toda a tempada, a cada neno e aos adestradores fíxoselles entrega dun suadoiro grafado co nome do noso gran equipo, DON BOSCO. Tamén se obsequiou cun suadoiro a Sor Dolores, por térmolos durante toda a tempada os equipos perfectamente limpos e ordenados, e outro para Meli, pola súa eficacia e conseguir a axuda das empresas colaboradoras.



As nais e pais, cun fermoso xesto de agradecemento fixeron entrega a cada adestrador dun trofeo dedicado.

Aínda que o día estivo chuvioso, divertímonos moito, fixemos deporte, e pasámolo fenomenal.

E...Todo iso, baixo a mirada amorosa da Nosa Nai M^a Auxiliadora.



FINA CASALDERREY

Polos alumnos de 6.º de Primaria

-Nunha ocasión ... unha muller non moi alta, os seus ollos eran marróns color do ópalo, que mesmo tiña unha boca pequena, pero cando comezou a falar... saíron da súa boca palabras e contos maravillosos.

Falaba tranquilamente, daba gusto escoitala. Contounos un conto precioso sobre unha avoa e a súa neta no que se falaba da terrible enfermidade do Alzheimer.

Os seus conto e lecturas están cheos de sentimento, de temas moi actuais tratados con moita dozura e agarimo pero tamén con ese algo que nos fai sorrir; a verdade é que nos chegou ao corazón.

Lembramos sobre todo o seu entusiasmo por transmitirnos o gusto pola lectura e dixo algo que nos encantou:

“Eu escribo porque me ledes”

Iso fíxonos pensar no maravilloso traballo dos escritores que nos achegan a ese mundo máxico dos libros e fainos a nosa vida mais fermosa.

Gracias Fina por escribir para nós.

SALVA: O NOSO AMIGO

Por Álex Fernández Reza (4.º ESO)

Cantos anos tes?

Teño 44 anos.

Como te conservas tan xuvenil?

Eu son un home que me gusta facer deporte, todos os días collo a bici. Este tamén é un traballo moi activo, polo que sempre me axuda a estar en forma.

Cantos anos levas traballando no colexio?

20 anos ao servizo das monxas.

Motívate traballar nun colexio relixioso?

Si, as monxas son boa xente e séntese outro espírito nos chavales, ten unha boa ideoloxía este colexio.

Cando chegaches o cole con quen empezaches a levarte?

A miña “xefa” era Milucha, cando eu cheguei, ela levaba moito máis tempo traballando aquí, e ela dicíame o que debía facer e o que non.

Que che gustaría ser, se non traballaras aquí?

Eu quería estudar para ser instalador de enerxías renovables.

Tes moita experiencia como traballador?

Eu traballei en Portoprado, descargando caixas, tamén no Liceo, limpando barcos, e incluso traballei como axudante nunha panadaría.

Que lle dis ós nenos do colexio?

Os nenos son o futuro, polo que como dixeran antes, este cole fai ben en inculcarlles uns valores que farán que nun futuro sexan boas persoas, máis xustas.



a CURUXA



Por Laura Fernández Costas

CARA Á IGUALDADE

As mulleres cobran un 30% menos cos homes, o 99% das riquezas do mundo pertencen ós homes, as mulleres só ocupan un 2'1% dos cargos de importancia nas empresas españolas.

Isto non son máis que estatísticas pero desde moitos anos atrás o home foi considerado superior á muller; na actualidade a xente pensa que esas cousas xa non ocorren, que agora xa existe a igualdade en todos os eidos, pero iso non é certo. Moitas mulleres non teñen un traballo nunha empresa porque poden quedar embarazadas e iso faría que puideran coller unha baixa por maternidade, moi poucas empresas teñen de xefas a unha muller pero esas empresas, as que teñen a unha muller nun alto posto de traballo, van moi ben e iso ocorre porque ás mulleres non se lles dá a importancia que se debe. As grandes executivas sempre teñen que dar un chisco máis cós homes para facerse notar e que todos saiban que son competentes. Pode que o que digo pareza un pouco feminista pero foron moitísimos anos de machismo. Quizais debemos compensar a balanza.

Moitas persoas, en especial políticos, gustan de facer crer á xente que non existe ningunha diferenza entre a muller e o home; adoitan enchernos a cabeza de palabras bonitas facéndonos crer que

vivimos noutra realidade pero se abres os ollos pódese apreciar a verdade. É moi fácil falar, actuar é outra cousa..

No goberno actualmente hai 9 mulleres e 8 homes iso é unha proba de que imos avanzando, pero aínda así, cando foron nomeadas, a xente, que se agochaba tras máscaras ocultando o seu machismo, non puido evitar criticar á ministra embarazada dicindo cousas verdadeiramente ofensivas e tamén á máis nova por inexperta, aínda así a moita xente o que máis lle doe é que son outros os que deron o paso de derrubar un muro e non eles.

Con sorte cando eu sexa maior non será algo digno de sorpresa ver tantos homes e mulleres en postos importantes. Con sorte deixará de ser noticia que un goberno encha os seus ministerios con mulleres, que as directoras das grandes empresas sexan mulleres, que as universidades estean dirixidas por mulleres. Deixará de ser sorpresa porque os homes do futuro van ser aqueles que hoxe, sendo mozos, se escandalizan ante comentarios e actitudes como as que acabamos de vivir e serán estes rapaces os que verán como algo normal que se xulgue ás persoas pola súa capacidade e non por si son homes ou mulleres ou se teñen máis ou menos de trinta anos.



Centro de estudios **COIA**

Al servicio de los padres y el colegio

Avda. Castelao, 50 - 36209 VIGO

Teléfono: 986 125 555 - e-mail: cecoia@mundo-r.com



caixanova

**Albariño, 16.
Cambados. Pontevedra**

**Reservas:
986 54 36 38**



pandemonium
vinoteca restaurante

**La cocina del producto
de la Ría de Arousa**



Por Mar Mera
Mestra Infantil 4 anos


A ARCA DE NOE

Os nenos e nenas de Educación Infantil e as súas familias participaron un ano máis na comparsa que se organiza no Colexio polo Entroido. Este ano grazas á axuda dun nutrido grupo de pais e nais, tivemos a auténtica arca de Noé, que foi acompañada por grupos de vacas, xoaniñas, leóns, tartarugas, crocodilos e orangutáns, que sen temer a choiva o pasaron en grande.

A comparsa tiña a súa propia banda sonora:

“En el arca de Noé caben todos, caben todos.
En el arca de Noé, caben todos menos usted”

“En el Noé la vaca hace así: muuuuuu,
el perro hace así: guauu, guauu,
el pato hace así: cuá, cuá,
el cocodrilo hace así: ñaca, ñaca...”



**Autocares
IGLESIAS**

*El placer de
viajar en autocar*

- Autocares y Microbuses Vip
- Vehículos adaptados
- Transportes Nacionales e Internacionales
- Servicios turísticos
- Ferias y Congresos
- Alquiler de vehículos de lujo con conductor
- Personal de Empresas, Colegios, Fábricas...
- Despedidas, Bodas, Cenas... • De 9 a 60 Plazas

C/ Camino de Gandariña Interior, Nave 20 • La Bagunda - Lavadores • 36214 VIGO

986 482 563 - 986 378 010

Fax: 986 481 267 • Móviles: **607 470 536 - 639 404 112**
 administrador@autocaresiglesias.com
 ana@autocaresiglesias.com • www.autocaresiglesias.com

Librería d.bosco Vigo



C/. Venezuela, 5 • **36203 VIGO**
 Apartado 1.744

Teléf.: 986 436 009 / 986 228 779
 Fax: 986 433 277



Gestión de actividades formativas

■ Actividades extraescolares y/o complementarias

- Servicio de acogida matinal
- Actividades de mediodía
- Monitores de comedor
- Idiomas, informática, hora extra, deportivas, artísticas, culturales, complementarias, de refuerzo...



■ Escuelas de idiomas (Titulaciones Oficiales)

■ Campamentos urbanos de verano

(Apertura de centros en épocas vacacionales)

■ Tardes activas en junio y septiembre

■ Formación de profesorado en Pizarra Digital



902 36 34 21

www.activa.org

info@activa.org



Ascensores Enor, S.A.

Avda. Alcalde Lavadores, 102
 Telf.: 986 251 166
 email: admon@enor.es
36214 VIGO



Por Yeral Villabón
Raquel Murías
Estela Pérez

COLOMBIA

Colombia é moi grande. Ten unhas paisaxes fermosas.

Eu vou falar de Armenia unha das cidades de Colombia. Vou falar de Armenia porque eu nacín alí. É unhas das cidades máis tranquilas.

Nesta cidade non hai praias, pero si que ten unhas paisaxes moi fermosas. Recordo que desde a ventá da miña casa, en Colombia, víanse unhas montañas moi altas e cando anoitecía, víase o solpor.

Na zona onde vivía había moitos nenos e nenas pola estrada, case non pasaban coches e os nenos e nenas do barrio íamos xogar alí cando remataba o colexio.

As clases empezaban ás 7:30 am e remataban as 12:30.

No colexio non facía falta levar merenda, alí había un bar onde comprabas todo.

Os nenos tiñan uniforme.

Unhas das comidas típicas son:

SANCOCHO: É algo parecido ó caldo galego, pero sen verduras. Os seus ingredientes son: patacas, "yuca"...

PATACÓNS: Leva plátano macho.

Entre Colombia e España hai moitas diferenzas e unhas delas son:

- En Colombia hai máis casas que pisos.
- En Colombia hai máis xente cristiá que en España.
- En Colombia é moi normal que as casas onde a xente vive fixeran tendas para vender comida, bebida, chuches... é dicir, como un "supermercado" pequeno na súa casa.
- En Colombia é sempre verán e chove moi pouco.
- En Colombia o diñeiro é o peso.
- O ano vello en Colombia celébrase queimando un moneco de pólvora.



Nova Miñoca
Administración de Fincas

Fotógrafo Xaime Pacheco, 4 - baixo • 36209 VIGO

Teléfono: 986 247 524 • Fax: 986 214 399
e-mail: administracion@novaminoca.com





Colectivo CEXMA

QUEN SOMOS CEXMA?

Todos credes coñecer de sobra o que a palabra **CEXMA** leva detrás. Todos tedes noticia das nosas tardes de sábado xogando no cole, dos nosos talleres, das nosas saídas de convivencia, os nosos campamentos, excursións, o café concerto, o teatro....

Todos sabedes que os nenos do cole, de terceiro de primaria en adiante, poden participar connosco do noso centro xuvenil pero..... Sabíades que somos como unha escudería? Coñecedes ós pilotos encargados de conducir este formula 1? Coñecedes os mecánicos que supervisan que todo vaia ben en cada carreira (aquí os grandes premios son todo os sábados) acabe cun primeiro posto? Aí vai, para todo os membros da escudería de **CEXMA**, é un pracer presentarvos ós nosos xefes de equipo....

Yoli, a do eterno sorriso, a das palabras doces, a que se encarga de solucionar cada pinchazo, cada saída de pista cun sorriso de orella a orella e unha palabra cariñosa.

Alberto, o da calma e paciencia infinitas, o que é capaz de empurrarte e frearte, rifarte e felicitarte, corrixirte e darche ánimos sempre sen despeitarse, sempre sen magoar.

Xose Ramón (como se escribe **Peperra** sen que soe raro???) pois iso, o boss, o que se encarga de que toda as pezas do coche estean sempre a punto, todo preparado, todo previsto, os números cadrados, as saídas organizadas, os mecánicos no seu

sitio, os corredores nos seus postos. O seu pano ao pescozo é o símbolo mundialmente coñecido da nosa escudería.

Quique e Olaia, a parte artística do equipo, os que saben sacar o artista que todos, din, levamos dentro, uns moiiiii adentro, outros máis adentro aínda, pero todos, coa súa axuda seríamos capaces de chamarnos, aínda que só fose por un día “artistas”.

Carmina, a mellor compañeira de viaxe, sempre ao noso lado en todo os grandes premios, se celebren onde se celebren no autobús, nos nosos paseos, nas saídasbotamos unha ollada e ela está aí, preto, sempre preto.

Paloma,? E fácil, facilísimo presentarvos á xefa de prensa do equipo, o eterno sorriso de Yoli, a infinita paciencia de Alberto, a perfecta capacidade de organización de Peperra, a constante presenza de Carmina, a arte de Quique e Olaia todo, todo iso é Paloma, e a súa man máxica, que o mesmo serve para agarrar a raqueta de ping-pong que para tocar a guitarra, preparar cafés, atar pañoletas, abrazar e dirixir.

A que non sabíades que tiñamos unha escudería no cole? A que non sabíades que temos un cochazo que, aínda que non sempre chega o primeiro non rompe nunca? A que non sabíades que todos podemos subimos a el? A que non sabíades que todos podemos formar parte do equipo CEXMA de formula 1? A que non? Pois que o saiba todo o mundo.



a CURUXA



Por Carla Pardo
Carlos Barrosa
Pablo Barros

SENDEIRISMO POLAS CÍES

O día 23 de maio, xa que o sábado 24 era María Auxiliadora, como tódolos anos o cole decidiu en honra da nosa patroa, facer unha excursión ás illas Cíes.

Toda a semana estivemos preocupados polo tempo, e cando chegamos ó cole o venres pola mañá chovía un pouco. Aínda así, nós estabamos decididos a pasar e enzoufamos o que fixera falta.

Antes de saír cara á nosa excursión tivemos unha misa. Non había moitas gañas dela, pero o noso cura favorito -“Xavi”- encargouse de animala coma tódolos anos.

A viaxe no barco foi moi movida, e foron varias as veces nas que a choiva apareceu. Cando chegamos ás illas estaba un pouco máis despexado.

En primeiro lugar dividímonos en grupos, por cursos, e a cada grupo asociáronlle un monitor. 2º da ESO foi acompañado por Paula ata o Alto do Príncipe, un dos puntos máis altos das illas.

Mentres percorríamos a senda, Paula contounos máis sobre a fauna e a flora e díxonos que as illas formaban parte dun Parque Nacional chamado “Illas Atlánticas”. Ó chegar ó alto, as vistas eran moi impactantes e fermosas.

Volvimos ó principio e dirixímonos ó camping. Unha vez alí comimos e despois algúns descansaron, outros xogaron ó fútbol,...Pero a gran maioría participou nunha guerra de auga.

Por último, pasamos a tarde gozando da praia considerada a mellor do mundo.

Foi un día esgotador, pero do que non hai dúbida é de que o tempo non nos impediu pasalo ben. Botounos unha man a “Auxiliadora”.





Por Pauliña Muñoz López

ESTUDO SOBRE O NOSO PASADO

A arqueoloxía

A arqueoloxía é a ciencia que se dedica ó estudo de épocas pasadas como a prehistoria e a antigüidade a través dos achados de restos materiais deixados polo home ó longo do tempo.

O monte do Facho

O monte do Facho atópse na península do Morrazo, preto da aldea de Donón. No cumio do monte hai unha pequena casetiña de pedra. Desde alí vese todo o que hai ao arredor. No monte do Facho hai restos materiais de tres etapas prehistóricas diferentes:

Hai un pobo da Idade de Bronce, un castro da Idade de Ferro e un santuario de época galaico-romana.

Deus Berobreo

Dise que o deus Berobreo era un sanador ó que acudía a xente para pedirlle que curase as súas doenzas. O meu avó di que as primeiras aras atopadas foron depositados no museo municipal "Quiñones de León". Estas, foron aparecendo nos arredores do monte. Mais ou menos atopáronse unhas 150 aras.

O carballal de Coiro

O carballal sitúase na parroquia de Coiro, representa unha das máis importantes masas de bosque autóctono da costa sur de Galicia.

Ten un gran valor para esta comarca pola súa función de captador e mancia de auga.

Aconséllaros Cangas porque é un lugar bonito, tranquilo e no seu espazo natural, a árbore dominante é o carballo. Tamén atopamos especies autóctonas como o castiñeiro a cerceira e outras. A xente é moi agradable e amable como o noso profesor Héitor que é de Cangas.





Por Aida Otero Fernández

ENTREVISTA A NEREA OTERO FERNÁNDEZ,

Subcampiona de España de ximnasia acrobática modalidade júnior na competición celebrada en Zaragoza os pasados días 3 e 4 de Abril.

Como foi a experiencia de participar no campionato de España?

Moi interesante xa que cada ano, debido á competición, aprendemos máis có club Flic-Flac.

Como é a modalidade pola que te presentabas?

Eu son o áxil dun trío feminino júnior. Miñas compañeiras portoras son Jael (18 anos) e Blanca (16 anos).

Era a primeira vez que te presentabas?

Non, xa participei no anterior campionato de España, celebrado en Granada e nun galego.

Como che foi neles?

Ben, no galego quedamos segundas, en Granada non tivemos tanta sorte.

Que tal a viaxe?

É o máis duro, xa que son moitas horas no autobús e, debido ó pouco orzamento do club, contratamos un; non podendo mercar ou alugar un avión como fan os grandes equipos doutros deportes.

E en Zaragoza?

Moi ben, aunque tivemos pouco tempo para ve-la cidade. Nun dos descansos dos adestramentos puidemos ve-la Pilarica e os seus arredores.

É boa a afección?

Impresionante, acompañáronnos os nosos pais, irmáns, avós... e, todos coa camiseta azul do clube formaban unha marea azul nas gradas. Tamén nos sentimos moi animados por eles coas cancións, bombos, tambores...

Cres que a cidade coñece este deporte?

Si, cada vez somos máis nenos/as, estase a formar unha gran canteira de ximnastas que veñen a adestrar dende tódolos barrios vigüeses e, incluso, dende máis lonxe (Salceda, Ponteareas...) ó clube Flic-Flac.

Recomendaríasles este deporte ós teus amigos ou compañeiros?

Si, é un deporte moi completo no que traballámo-la forza, o equilibrio, o ritmo, a flexibilidade e a concentración; que é moi importante para os estudos e axúdannos a render máis en menos tempo.





Por Mónica Alves

A MIÑA SEGUNDA CASA

Catorce. Eses anos foron os que eu pasei neste colexio. Parece que pasaron tan rápido como o que tardei en escribir estas liñas, pero a realidade é outra. Os anos pasaron amodo, como tiñan que pasar, ó seu ritmo.

Cando deixei o colexio, non pensei que fora volver tan rápido, pero pasou. Case 4 anos despois de que marchara do cole en 4º da ESO, volvíñ poñer-lo espertador para ir ó Colexio Don Bosco, a miña segunda casa.



Digo segunda casa porque para min no cole está un pouquiño máis da miña familia, cada Sor, cada profe, as cociñeiras, as limpiadoras, e tódolos que estiveron e xa non están ... teñen un pouco de pais, nais, e avós meus.



a CURUXA



No colexio, ese lugar ás veces un pouco pesado, temos cousas, que fan que de cando en cando, o colexio sexa un lugar divertido: as festas. Hai moitas e variadas, e tamén excursións, estas son as máis sobranceiras deste curso na E.S.O:

MAGOSTO. 9-11-07

Acordádevos? Olor a castañas, carbón, zume e por suposto, risas, infinidade delas, de profes, de alumnos, incluso os “malotes” rin. Definitivamente, este é un dos mellores días.

FESTIVAL DO NADAL. 20-12-07

Por suposto, un dos mellores días. Foi máximo: a xente bailaba, sacaba fotos ós seus parentes...a xente podía chegar a facer cousas tan orixinais, que chegan desde unha canción de Barbie-Girl, ata unha Umbrela tuneada por certa profesora bastante orixinal. Pero non nos engañemos, o que realmente nos gusta é que representa o final do trimestre e unhas vacacións digamos... “longas”.

DIA DE DON BOSCO. 31-1-08

Inchables, Karaoke, chocolate quente... En resumo, un mini-Disney Land de baixo orzamento. A única pega deste día é que a ninguen lle gusta caer do touro mecánico a causa de oír á xente... “cantar”.

ENTROIDO. 1-2-08

Nesta festa, era obrigatorio ir de estilos e modalidades coma o punk ou o hippie. Pero algúns prefiren marca-la súa personalidade indo de gogos ou de Johny Depp. Por suposto os pais e profes non se salvan da febre por disfrazarse, pois moitos vimos algún que outro “alce” e algunha “panteira rosa”

DÍA DA FAMILIA. 20-4-08

De vez en cando vale a pena ir ó colexio anque sexa festivo ou só para verlas caras dos pais sorrintes despois de recibir un agasallo. Este día foi moi importante para nós e moi bonito: @s nen@s agasallan ós seus pais cousas que custaron moito traballo, e estes agasallos, son os que acaban deixando unha marca no corazón.

EXCURSIÓN FIN DE CURSO 4º E.S.O. 5/9-5-08

Nesta excursión puidestes ter unha última experiencia xuntos, cóbado con cóbado, no que posiblemente foi un dos momentos máis importantes da vosa vida. No instituto coñeceredes a máis xente, pero os vellos amigos, sempre quedan na alma.

FESTA M.^a AUXILIADORA. 23-5-08

Nesta tivemos unha excursión. Foi un día moi bonito, no que botamos unhas risas.

Ben, amighos, espero que despois disto xa saibades algunhas das razóns polas que imos ó coléxio.





Colegio Don Bosco - Salesianas



Rosa
Riquelme Álvarez



Fernando
Mallo Calama



Rosa
Aguado López



Belén
Tizón Méndez



Marcos
Losada Martínez



Paloma Pedronzo
Pérez de la Ossa



Marián
López Suavara



Héctor
Hera Herbello



Teresa
Bobillo Martínez



Laura
Benito Álvarez



Estela
Arias Yañez



Eva
Blanco Aguayo



Tania
Capintero Pumte



Lucía
Chousal Rodríguez



Laura Maía
Cornouier Martínez



Sergio
Cotilla Martínez



Raquel
Estévez Martínez



Alejandro
Fernández Reza



Iago
Fernández Suárez



Alejandro
Iglesias Rey



Marta
Janeiro González



Marta
Misa Casas



Paula
Moya Vázquez



Raquel
Estévez Martínez



Germán
Otero García



Loreto
Puerta García



Nerea
Rial Costa



Elina
Rodríguez Álvarez



Marta
Rodríguez Álvarez



Marcos
Sarmiento Rodríguez



Bárbara
Sola Santos



Raquel
Estévez Martínez



4.º E.S.O. - Curso 2007/2008 - VIGO



COLEGIO DON BOSCO DE VIGO



Rosa
Ripaldo Álvarez



Joaquín
Vilar Gómez



Cristina
Magro Muñillo



Patricia
Lustres de la Iglesia



Lochi
Alonso Montes



Javier
Alaya Solla



Pilar
Sánchez Juncal

6º primaria 2007-2008



Itziar
Álvarez Benito



Eguzkiñe
Álvarez Pereira



Alejandro
Ameneiro González



Víctor
Antolín Aguayo



Manuel
Casal Misa



Alejandro
Celada Videira



Laura
Fernández Aguayo



Tamara
Gernade Graña



Carla
Gómez Rodríguez



Mª Montserrat
González Suárez



Ales
Janeiro Villar



Domingo José
Jáñez Gómez



Raquel
López Sorribas



Carmen
Misa Moreira



Jorge
Mogollón Fernández



Nerea
Otero Fernández



Silvia
Pardo Patiño



Silvia
Pérez Riveiro



Sara
Sarmiento Rodríguez



Lucía
Silveira Pereira



Javier
Viñal Estévez



O párnaso literario

DON BOSCO

Andrea Vila Guarín

Don Bosco, meu colexio
perto do lar, o teño
para min, un privilexio
feliz, sempre veño.

Aprendemos sobre D. Bosco
medramos, xogamos e tamén choramos
cometemos algúns erros,
mais sempre os solucionamos

A súa vida foi moi leda
era un bo estudante
sempre axudando ós demais
no se cansaba xamais.

DO ÍNTIMO

Antía Quiñoy Izquierdo (2.º ESO)

Sentimentos tan fondos
que só teñen dor,
ninguén sabe onde chega,
ninguén oe seu clamor,
ninguén o que daña
a espiña no corazón
agardando unha palabra
que o vento arrastrou
esperando que te queiran
cun pouco de paixón,
agardando nos meus oídos
esa palabra de amor.

POEMA DA FAMILIA

Sean Daniel Fernández Galindo (3.º primaria)

O día da familia
é un día familiar
que a todos nos gusta
e que a ninguén pode amolar
durante todo o día temos que axudar
pero sobre todo amar
irmáns, tíos, pais e avós
todos che fan rir
todos che fan sentir
a familia é fundamental
a familia é especial

HISTORIAS DO AMOR E SEGREDOS

Jennifer Coello Zurita (2.º ESO)

Está sufrindo moito
o porqué ninguén o sabe
o seu corazón ferido
chora de amor sentín os
laio que voan no aire
palabras resentidas que
ocultan os seus sentimentos
querendo gardar no ceo
historias do amor e segredos.



O párnaso literario

ARS AMANDI

Jennifer Coello Zurita (2.º ESO)

Se puidera expresar con palabras o moito que te quero, se puidera debuxar un corazón cunha nube alí no firmamento.

Se puidera derrubar o meu orgullo, deixando só a verdade, a verdade de min mesma que non se chama gloria, fortuna ou ambición senón amor e desexo.

Se puidera conseguilo, eu sería ó fin aquela moza que imaxinaba, aquela que cos seus ollos e as súas mans proclama ante min a verdade, verdade ignorada.

Eu non coñezo a liberdade soamente coñezo a liberdade de estar presa en ti, tí es quen me fai olvidar miña vida mesquiña, tío xustificas a miña existencia, senón estiveras ó meu lado non sei o que faría pero estás aquí, enchendo a miña vida.

LIRISMO E PANTEISMO

Belén Tornero Fernández (1º ESO)

*Bendita vida que nos atrapa,
nas súas garras, o tempo.
Bendito sol que nos aluma,
baixo o claro ceo.
Bendito mar que borra,
as nosas pisadas na area,
e con ela leva
os nosos máis preciados anhelos.*

“Galiza, miña terra”

Terra da miña vida,
que me leva,
que me inspira.
Mar de flores
ladeiras de amor,
ceo de cores
silencio de dor.
Suspiros de esperanza,
imaxe dunha lembranza,
a miña terra querida,
terra da miña vida.



Subida al Cementerio, n.º 78 (Nave)
36318 Cabral - Vigo - (Pontevedra)
Telf.: 986 266 626 - Fax: 986 280 028
E-mail: tuypan@panartesano.net
www.panartesano.net

Su establecimiento  **ferrokey** más próximo:

FERRETERÍA COYA⁵¹

Especialistas en Bricolage

Gran surtido en:

Jardinería - Manillería - Herrajes - Cerrajería
Material Eléctrico - Fontanería - Herramientas
Maquinaria - Taladros - Pinturas - Bazar y menaje

Avda. de Castelao, 51 Entrada Lateral
Tlf.: 986 209 162 - Fax: 986 200 579
36209 VIGO

 **vipomar S.L.**
CONSTRUCCIONES



A HORA DE PENSAR

Sara Asorey e Iria Moya (1.º ESO)

Nunha ocasión unha rapaza chamada Ana estaba castigada por desobedecer os seus pais e chegar moi tarde á casa pola noite. Os seus pais decatáronse que non era a primeira vez que o facía, e decidiron poñerlle un castigo que a mantería tres semanas sen saír da casa para que reflexionara sobre o seu comportamento.

Cando os seus pais foron dar un paseo decatouse de que os seus primoxénitos a oprimían demasiado, e decidiu marchar de casa, concretamente para a casa da súa mellor amiga: María, que hai pouco comprara un piso novo. Chamouna para preguntarlle se podía ir con ela durante un tempo. Recolleu as súas cousas e escribiu unha carta para que os seus pais souberan o que pasou e deixouna enriba da súa cama. Chamou un taxi para que a levara á casa de María.

Cando entrou pola porta e viu aquela un desperfecto total e mais o dormitorio onde ía durmir buf!!!! Que desastre pensou.

Despois, cando os seus pais regresaron á casa do paseo, viron a nota e pensaron que era certo, que igual eran demasiado duros con ela e chamárona por teléfono. Pero Ana díxolles que o ía pensar.

TRES SEMANAS DESPOIS.....

.....Ana non podía seguir nesa casa porque non había limpeza nin colaboración. Ata que un día tomou a decisión de marchar para a súa casa e vai igual que chegou; colleu un taxi e aparece unha porta da súa casa e os seus pais déronlle unha aperta e varios bicos e polo si ou polo non, este conto rematou.

ERNESTO GARCÍA POLBO DA RÍA

Pablo García-Suárez (2º Primaria)

Había unha vez un polbo que se chamaba Ernesto García, o polbo da Ría de Vigo.

Tiña moitos amigos, a medusa Maruxa, as fanecas douradas, o golfiño Martiño e moitos máis.

Ernesto era pintor, facía uns cadros fermosos e dáballes clases de debuxo ás fanecas douradas. Pero ocorreu unha desfeita, as fanecas marchaban coas súas nais á Ría de Arousa e Ernesto quedaba sen traballo.

Chamou a súa amiga Maruxa para que lle conseguira traballo na fábrica de camisas, pero díxolle que non podía ser, non facía falla ningún.

Pediu axuda a súa amiga Marta para poder traballar na súa librería, pero non puido ser, tiña moitos peixes traballando alí.

Ata que por fin tivo unha idea, montaría unha zapatería para todo tipo de polbos, luras e demais peixes e especies.

O seu amigo Martiño, o golfiño, prestoulle o diñeiro e en pouco tempo montou a zapatería, nun mes fíxose millonario.

Era a única zapatería de tódalas rías.

Ernesto era feliz e os seus amigos tamén.

E polo si ou polo non, este conto rematou.





mundo educarte

- Juegos y Juguetes Educativos
- Material Didáctico.
- Librería Especializada.
- Desarrollo y Montaje de Parques Infantiles.
- **Y MUCHO MAS**

c/ Martín Echegaray 24 Bajo, 36209 Vigo, Tel. 886-115 276 Móvil. 606 144 448 – 339
Mail apalacio@vigo.es; anafeito@hotmail.com



ELECTRICIDAD REMESEIRO, S.L.

EMPRESA HOLOGADA N.º431
INSTALADOR AUTORIZADO PO-360

- REPARACIONES Y MANTENIMIENTOS ELÉCTRICOS
- INST. ELÉCTRICAS BT Y MT
- INST. TARIFA NOCTURNA
- ILUMINACIÓN
- TELEFONÍA, INTERFONÍA Y MEGAFONÍA
- REDES TELEFÓNICAS
- REDES INFORMÁTICAS
- SEGURIDAD, ATRACO, ROBO Y FUEGO
- CIRCUITO CERRADO TV.
- PARARRAYOS

C/. Cando, 25
(Enfrente Mercado)
Teléfono: 986 336 281
36400 PORRIÑO

Vía Hispanidad, 61 - 1º Of. 7
Teléfono: 986 419 266
Fax: 986 418 932
36203 VIGO



Cristalería Balaidos, S.L.

**VENTA Y COLOCACIÓN
DE LUNAS Y ESPEJOS
TALLER DE BISELADO**

Avda. Fragoso, 94 - bajo

Tel.: 986 29 18 15

Tel. y Fax: 986 29 96 26

36212 VIGO



AS AVENTURAS DO NÚMERO NOVE

Por Cristina Iglesias (5º curso)

9 Nunha ocasión un nove non estaba de todo satisfeito, pois gustaríalle ser un dez, é dicir, a máxima nota.

Mentres paseaba pola rúa todo pensativo, escoitou ás súas costas unha voz moi rouca, pegou media volta e atopouse desúpeto coa RESTA. Intentou fuxir coma un lóstrego pois sabía das súas intencións, pero esta foi máis rápida e atrapouno, pinchouno e converteuno nun pobre e raspado cinco.

Chora que te chora chegou ó cole, alí as cousas foron a peor, no recreo tivo unha rifa coa DIVISIÓN e quedou reducido a un suspenso, é dicir, un minúsculo dous.

Xa de volta á casa, e cun disgusto de morte, atopouse no autobús cunha señorita moi amable que ó decatarse da súa tristura, díxolle que non se preocupara xa que ela era a MULTIPLICACIÓN, e nun ¡plis-plas! coverteuno no seu soño: ser un verdadeiro dez.

O noso número nove, que pasou a ser un raspado cinco, un raquíto dous, acabou así convertido nun insuperable dez!

Cando chegou a casa, situada na rúa do Cálculo, pensou que neste mundo das MATEMÁXICAS aínda existen operacións con bo corazón.

A MIÑA AVOA

Por Andrea Loira (5º curso)

Clara era unha nena de oito anos, os seus pais traballaban os dous e a súa avoa Marina era a que coidaba dela. Ían ó parque xuntas e alí cóntaballe as historias de cando ela era nena. As tardes que pasaban xuntas eran moi entretidas e ledas.

Pouco a pouco, co paso do tempo, Clara notaba a súa avoa un pouco rara...esquecía onde deixara as cousas...e ás veces atopábaa coa mirada perdida.

Agora, cando lle pide que lle relate máis historias da súa nenez, ela responde que xa non lembra.

Pouco e pouco, os recordos abandonaron a súa cabeza. Pasaron os anos e o esquecemento foi a máis. Clara xa cumpriu trece anos, bota de menos a súa avoa de antes. Un día os seus pais explicáronlle a enfermidade da avoa: ten Alzheimer, é incurable.

Aquela noite, Clara non parou de chorar, ela non pode entender que a súa avoa non sexa a mesma, pero prometeuse a si mesma que a coidaría ata o final, co mesmo mimo que a súa avoa lle deu a ela de pequena.

Cada día, Clara cóntalle as mesmas historias e lendas que ela lle contara, e percibe nos ollos húmidos da pobre velliña un brillo cheo de cariño. Xa non reconece a ninguén, é certo, pero para a súa neta favorita os acenos e sorrisos da avoa abundan.




Diccionario

Oxford Study

Intermediate to Advanced

New Second Edition!



Completely revised and updated



- Thousands of new entries, examples, and expressions.
- 1000+ notes on grammar, vocabulary, and cultural issues.
- Illustrations to help to build students' vocabulary.
- Writing guide and maps.



FREE with the dictionary:

- ✓ The Oxford Study Genie Plus CD-ROM

Contains 3 dictionaries:

- The whole text of the dictionary.
- Diccionario Oxford de Phrasal Verbs.
- Oxford Wordfinder Dictionary (Diccionario temático)

OXFORD
UNIVERSITY PRESS

Polígono de Pocumaco, Sector I, Edif. Diana Bajo Izq 15190 A Coruña • Tel.: 981 12 22 99 • Fax: 981 12 17 03 • corunna@oup.es

Gestión de comedores

Monitores de patio y comedor

Actividades extraescolares



Sus hijos bien alimentados y en buenas manos.



Euriat, Colecciones S.A.
Ganderías, 19-A
36214 Vigo-Pontevedra
Tel.: 986 26 56 30

Delegaciones y oficinas en Península e Islas

www.scolarest.es

Scolarest
Especialistas en el Sector Escolar

Digital
igo s.l.

986 214 008

Fax 986 200 958

Lourido, 21 - Urb. Samil - San Pelayo de Navia 36212 - Vigo



www.digitalvigo.com
digitalvigo@digitalvigo.com



KONICA MINOLTA

distribuidor oficial

FOTOCOPIADORAS - EQUIPOS DE OFICINA
INFORMÁTICA - SERVICIO TÉCNICO PROPIO

segu  **fire s.l.**
SISTEMAS DE
SEGURIDAD ELECTRONICO

**SERVICIO DE VENTA
Y MANTENIMIENTO**

C/. La Estrada, 29 - bajo

Teléfono: 986 10 40 10

Fax: 986 85 87 41


E-mail: segufire@terra.es
PONTEVEDRA



Polos alumnos de 2.º ESO

ENCrucILLADO

- 1 - Ponte que une Vigo e San Adrián de Cobres.
- 2 - Arquipélago de Galicia que é un parque natural.
- 3 - Primeiro libro publicado pola imprenta.
- 4 - Cancion española que participou en Eurovisión 2008.
- 5 - Saga máis taquilleira da historia.
- 6 - Profeta dos Musulmáns.
- 7 - Marca do coche que leva Fernando Alonso.
- 8 - Persoa que marcou o gol decisivo para que España gañase a Eurocopa do ano 1964.
- 9 - Ser non corpóreo que se manifesta ante os vivos.
- 10 - Maior compositor de ballets da historia.




(RADE) - (LEAS-ATPHTICAS) - (BIBLIA) - (CHIKI-CHIKI) - (MARCELIANO) - (HARRY-POTTER) - (MAHOMMA) - (RENAULT) - (ESPRITO) - (TCHAIKOVSKY)

SUDOKU

2	1	6	8	9	4	5	2	3
4	8	2	9	6	5	1	3	7
5	7	9	6	4	3	2	1	8
3	9	5	4	2	1	8	7	6
1	6	9	2	3	2	4	6	8
2	3	2	5	1	9	6	8	4
8	4	3	1	5	6	7	9	2
6	2	4	3	7	2	7	9	5
9	6	1	2	8	7	2	5	4

3	4	5	7		2	1	9	
1	5		8		3			9
	6		9	5			4	8
4	8	9		1		7		
8				3		6	5	1
9	7	8	1	2	4		6	3
		2		4		8		5
7	3		5		6	2	8	
5	2		4				1	7

LABIRINTO



SOPA DE LETRAS

NOMES GALEGOS

ISOLDA	ESTEVO
PRISCILA	PAULO
BIEITO	XIANA
CARME	ANTIA
UXÍA	XURXO
TAREIXA	XENXA

B	H	I	T	P	I	S	O	L	D	A	Z	K	R	M	A
N	S	C	G	A	Q										
L	E	I	N	U	X	B	M	R	E	S	O	J			
I	Q	T	S	L	N	F									
R	S	V	A	O	Z	N	P	Q	T	M	L	Q	F	O	A
E	V	M	L	R	B	E	T	O	E	R	F	S	L	Q	N
C	R	S	I	Z	E	X	R	S	B	I	E	I	T	O	T
A	N	R	O	L	A	I	L	F	O	N	M	V	Q	R	I
R	M	S	T	O	E	L	X	S	F	V	Q	O	I	S	A
M	Z	K	S	X	S	K	I	A	Q	M	L	S	T	V	K
E	C	G	R	U	P	R	I	S	C	I	L	A	U	Z	A
X	I	Q	C	R	X	S	Q	R	U	V	X	Z	F	O	E
T	S	F	G	X	M	I	X	E	N	X	A	Q	Z	R	R
M	N	X	Z	O	L	P	A	S	X	I	A	N	A	V	A





A TELE DA MIÑA CASA

Malena Rivas (5.º primaria)

Como todos os días ó chegar á casa o primeiro que fixen foi enchufar a tele.

Senteime para ver os Simpson, cando de súpeto decátome de que algo bulía ás miñas costas, algo amarelo, do tamaño dun barril... era Hommer!. Quixen apagar a tele para perdelo de vista pero ... pataplum! Como por arte de maxia aparece unha nena sabechona... Lisa! Logo pouco e pouco coma nunha procesión de Semana Santa... Marge, Bart, Maggie... todos os Simpson na miña casa, isto era demasiado!

Non sabía que facer, así que cambiei de canle... HORROR!! Zac, Coddie, Pocoyó que non paraba de chorar, e así moitísimos personaxes que non paraban de chegar.

A miña casa converteuse nun verdadeiro manicomio: Hommersaqueándome a neveira, Hanna Montana cantando a grito pelado e Gabriela molestando a todo quisque.

Intentei apagar a tele, pero nada, por iso decidín:

Primeiro final: *Poñer un anuncio en Internet pedindo auxilio.*

Segundo final: *Mudarme de casa: fóra veciños, fóra problemas, que marabilla!*

Terceiro final: *Metínme dentro da televisión, xa que eles invadiron a miña, eu a súa.*

Cada un que elixa o final que máis lle preste, ou ben, elixide outro. Como vós vexades!!

ESTE CEMITERIO NON TEN REMEDIO

Xiana Álvarez (5.º primaria)

No cemiterio estaban bastante aburridos agardando polo venres, que era o día que saían de marcha. Pronto chegou este día e comezaron todos a saír cantando a súa canción favorita..." Y los muertos aquí lo pasamos muy bien, entre flores, de colores y el viernes si tal, si en la fosa no hay plan, nos vestimos y salimos, para dar una vuelta sin pasar de la puerta..."

Pero hoxe decidiron traspasar a porta e meterlle un bo susto ós habitantes da cidade que tiñan ó lado.

Cando chegaron empezaron a berrar e facer moito ruído.

Primeiro final:

Non asustaron a ninguén pois a cidade estaba deserta, a xente liscara había tempo.

Segundo final:

Estaban todos durmidos tranquilamente, xa que sabían que isto non era máis que un conto para asustar os nenos.


Terceiro final:

Todos estaban na discoteca nun baile de disfraces e os mortos vivintes pasaron desapercibidos, ninguén lles fixo caso.

Eu escollo o segundo final pois este conto non deixa de ser unha historia para divertir e asustar os nenos e nenas.



álbum de familia






2 CURUXA












XVI PREMIO EDEBÉ

DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL



AUTORA: PILAR LOZANO

Chámome Fernando Lagos. De postos a dicir a verdade, teño as orellas grandes e así como un pouco cara a adiante. Na clase na que estaba o curso pasado ninguén se rira nunca de min por iso...




AUTOR: JUAN MADRID

O hotel Riverside Palace de Salobreña, un antigo palacete inspirado na Alhambra de Granada, aínda se ergue fronte ao mar. No seu xardín traseiro hai unha pequena tumba, sempre cuberta de flores.

rodeira | grupo edebé

www.edebe.com



Donou
Oseu amor
No sono de miles de nenos do mundo
Bo, moi bo era Don Bosco
Oseu amor ós nenos era infinito
Sempre atento a eles
Con moita felicidade
Oseu obxectivo era axudar.
Eaxudou moito
Aformar o grupo salesiano
Forza para seguir adiante
Amor ós nenos
Mirar sempre positivamente os problemas
Iniciando pouco e pouco, ós nenos de Turín no amor a Xesús
Loitando por facer un mundo mellor
Imaxinando sorrisos
ATodo isto

!!! GRAZAS DON BOSCO !!!